


Cooperación Familias

Para conseguir a mellora do rendemento académico do alumnado é indispensable a implicación da familia na actividade académicas dos fillos e fillas. Algunhas actuacións que as familias poden realizar cos seus nenos e nenas para colaborar na mellora do seu progreso escolar son as seguintes:

- Realizar un seguimento sistemático da súa actividade escolar.
- Supervisar a realización das tarefas escolares e actividade de estudo que se lles encomenden.
- Establecer rotinas de traballo para fomentar a creación de hábitos de estudo estables.
- Ler con eles a diario desde moi pequenos e promover a lectura diaria a idades máis avanzadas.
- Realizar sinxelos xogos matemáticos e de cálculo mental.
- Estimular a súa curiosidade por temas que proveñan do mundo da ciencia, da literatura, da historia, da arte e da cultura en xeral.

CONTACTO



Titora: Dona Ana Ruíz del Olmo Pérez

Horario Titorías: Martes 17:30—18:30

(previa cita)

Aula : Ao8 Planta Primeira



ORIENTACIÓNSCURRICULARES 2014-2015

Breve guía para as familias

Rúa do Peirao nº 3 - C.P. 36320 Chapela. Redondela



App: Ceip de Laredo—Google Play (Android)

Web: www.ceipdelaredo.com

Teléfono - Fax: 986-451049

Correo: equipodirectivo@ceipdelaredo.com



CEIP de Laredo





LINGUA GALEGA/CASTELÁ

Ao finalizar o 6º curso de EP o seu fillo/a debería saber, alomenos:

- Facer unha exposición oral estruturada.
- Buscar información e investigar de forma autónoma.
- Redactar textos narrativos que inclúan diálogos e descrições seguindo unha orde temporal.
- Realizar resumos e pequenas redaccións de diferentes tipos de textos, empregando correctamente os signos de puntuación.
- Comprender mensaxes orais procedentes tanto do seu contorno cotián como dos medios de comunicación.
- Recoñecer nun texto a idea principal e as ideas secundarias.
- Analizar morfoloxicamente distintas clases de palabras: nomes, verbos, adxectivos, artigos, demostrativos, posesivos, numerais, preposicións, adverbios, conxuncións e pronomes.



MATEMÁTICAS

Ao finalizar o 6º curso de EP o seu fillo/a debería saber, alomenos:

- Ler e escribir, tanto con cifras coma con letras, calquera número natural.
- Realizar operacións e resolver problemas matemáticos de suma, resta, multiplicación e división con fraccións e números decimais.
- Sumar e restar mentalmente números decimais sinxelos.
- As unidades de medida: angulares, temporais, de superficie e de volume.
- Resolver problemas que necesitan o cálculo de perímetros e áreas de figuras sinxelas.
- Aplicar, en situación concretas, porcentaxes.
- Interpretar gráficos.



CIENCIAS

Ao finalizar o 6º curso de EP o seu fillo/a debería saber, alomenos:

- A estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas.
- Recoñecer os principais elementos da paisaxe: relevo, ríos, vexetación e climas de Galicia, de España e de Europa e interpretar os elementos básicos dun mapa de relevo.
- A organización política de Galicia e España.
- A Unión Europea.
- Aspectos básicos da Hª de España (prehistoria, idade media, moderna e contemporánea)



INGLÉS

Ao finalizar o 6º curso de EP o seu fillo/a debería saber, alomenos:

- Construcións de textos orais e escritos empregando estruturas gramaticais: presente, presente continuo, pasado...
- Uso dos adverbios de frecuencia (colocación na oración), graos do adxetivo...
- Realizar breves enquisas, cartas, e-mails dando e pedindo información: datos persoais, gustos, aficións, cousas que gustaría ser/ter: "want to be",...



Indicadores de Avaliación

Por norma xeral, en todas as materias, serán os seguintes:

- | | |
|--|--------------------|
| - Probas Obxectivas (orais e escritas) | - Traballo na aula |
| - Realización de tarefas propostas | - Actitude |

*Importante destacar, na área de lingua inglesa, se traballan e avalían as catro destrezas por igual: (listening, reading, writing and speaking).